

PLAN PARA A EXTRATEXIA ENERXÉTICA 2022-2026 DA USC.

ADAPTACIÓN MEDIDAS PARA O AFORRO ENERXÉTICO NA EPSE

O pasado 29 de setembro o Consello de Goberno da USC acordou o Plan para a Estratexia Enerxética 2022-2026, que prevé a posta en marcha medidas de aforro e eficiencia enerxética por dúas importantes razóns: por respecto ao medio ambiente e polo que supón de aforro económico nun contexto como o actual.

Constitución grupo de traballo

De acordo co apartado 5 do Plan, e para o debate das propostas de adaptación e aplicación na EPSE das medidas previstas no mesmo, propónse a constitución do Grupo de Traballo da EPSE de Enxeñaría.

Proposta de medidas:

É preciso combinar actuacións encamiñadas a acadar **melloras nas infraestruturas** e nos sistemas de medición do consumo, xunto coa promoción de hábitos máis responsables por parte dos membros da comunidade universitaria da EPSE co obxecto de tratar de mudar a tendencia ao incremento do gasto enerxético, reducindo o consumo innecesario.

Con pequenos **cambios nos nosos hábitos** ou costumes podemos acadar reducións no consumo significativas, mantendo o confort e os servizos. Con esa fin, a constitución do grupo de traballo é un primeiro elemento para **promover a participación** e para que todos os membros da comunidade da EPSE, dende o seu posto e responsabilidade, contribúan nese obxectivo común.

Medidas a adoptar a nivel xeral na EPSE

Entre as medidas para a adaptación do Plan de estratexia enerxética a poñer en marcha con carácter xeral na EPSE estarían, entre outras, as seguintes:

- Peche da EPSE ás 21:30 horas. O persoal do Punto de Apoio Información e Servizos (conserxería) procederá ao peche dos accesos aos aularios e pavillóns a EPSE e ao apagado das luces a partir das 21:00. Para facer iso efectivo, o persoal de conserxería da quenda de tarde adiantará o inicio da súa xornada diaria ás 14:30 para rematar ás 21:30 unha vez realizado o peche das instalacións e revisado o apagado. En caso de que non poida adiantar a súa xornada, permanecerá no Punto de Apoio Información e Servizos (PAIS) ata as 22:00, realizando revisións e traballos pendentes.
- Será necesario pasar a LEDs a iluminación das zonas comúns no Pavillón Central, nos Aularios, no Pavillón III (ampliación) e o que falta dos pavillóns I e II (zona de escaleiras). Así como a iluminación exterior nos corredores de acceso aos aularios e pavillóns.
- Estudar a posibilidade de darlle maior ocupación ás aulas 18, 19 e 20 e os seminarios de Construción e Mecanización, situadas no pavillón II. Así poderanse trasladar algunhas clases impartidas actualmente nos aularios. A calefacción no Pavillón II funciona 7/24 e poderíase apagar calefacción das aulas non ocupadas dos aularios.
- Tamén será necesario completar o cambio a tecnoloxía Led no resto da Escola (aulas, despachos, laboratorios, etc). Hai que ter en conta que as actuais luminarias están bastante deterioradas por fin da súa vida útil.

- Unha vez pasado a tecnoloxía Led, habería que poñer sensores en todos os locais e espazos de uso común (pasillos, baños) con temporizadores ou detectores de presenza ou luminosidade.
- Sería conveniente realizar o traspaso ao concello do alumeadado das farolas da rúa Benigno Ledo. Ademais da enerxía aforraríase no mantemento e reposición.
- Proximamente cambiaranse os colectores do “suelo radiante” dos Pavillóns I e II, o que facilitará a regulación da temperatura e que a calor chegue de forma máis uniforme ás distintas estancias.
- No edificio ampliación pecharanse os radiadores dos locais escasamente utilizados (p.e. Salón de Actos) que só se abrirán o día anterior á realización dunha actividade, volvendo a pecharse ao seu remate.
- Procurarase concentrar o contido de neveiras e cámaras frigoríficas tratando de concentrar o contido en menos aparatos posibilitando a desconexión de algún deles.

Medidas a adoptar polo persoal de conserxería

O persoal do Punto de Atención, Información e Servizos (Antiga conserxaría, agora PAIS) responsabilizarase entre outras das seguintes actuacións encamiñadas á redución do consumo enerxético:

- As luces das aulas e/ou outras dependencias da EPSE só se acenderán cando se vaian a ocupar.
- Identificaranse os interruptores de zoas comúns e de paso, para facilitar que só estean acesas as luces imprescindibles.
- Revisarase coa frecuencia necesaria o horario e temperatura da calefacción da EPSE para adaptalo ás necesidades reais da docencia e a actividade das dependencias da EPSE. Axustarase a temperatura ao uso das estancias: aulas, corredores, oficinas, etc.
- Non se calefactarán locais por enriba dos 19 grados centígrados.
- Realizaranse e xestionaranse as tarefas de mantemento necesarias para asegurar o funcionamento óptimo e eficiente do sistema eléctrico, de calefacción e de climatización da EPSE.
- Cando sexa posible, sectorizarase o alumeadado e a calefacción en función das necesidades reais.
- Comunicar á area de mantemento de Infraestruturas calquera avaría detectada, así como as suxestións de melloras que poidan supoñer un aforro de enerxía.
- Asegurarse de manter un correcto illamento térmico, mantendo pechadas as ventás e portas que dan ao exterior.

Medidas a adoptar individualmente

Todos os membros e usuarios da EPSE deben tomar conciencia e participar na tarefa do aforro enerxético. Todas as persoas debemos comprometer nos seguintes hábitos que favorecerán o aforro enerxético:

- Apagar a luz ao saír do despacho, ao rematar a xornada ou en ausencias longas.
- Aproveitar a luz natural e acender só os puntos de iluminación necesarios.
- Evitar o uso de aparellos suplementarios de calefacción eléctrica. Se consideramos que a climatización non é axeitada, avisarase ao persoal do Punto de Atención Información e Servizos (PAIS) da EPSE (denominación actual da conserxería). Non se usarán aparellos que non permitan o control da temperatura e deberán apagarse ao marchar.
- No Pavillón III (Ampliación) se a calefacción é excesiva, regularemos o radiador ou solicitaremos a súa regulación ao persoal de mantemento.
- Apagar o ordenador ao rematar de traballar. En pausas prolongadas durante a xornada, deixarase en modo hibernar e apagarse a pantalla.
- Sempre que sexa posible, conectaranse os aparellos eléctricos ou electrónicos (ordenadores, monitores, impresoras, altofalantes...) a unha base múltiple con interruptor, que se apagará ao rematar de traballar, pois con só estar conectados prodúcese un consumo.
- Extremar a atención no apagado de estufas de secado e outros aparellos de laboratorio ou de investigación, de forma que non queden conectados ao finalizar a súa utilización evitando que poidan quedar consumindo enerxía por descoido.

ANEXO: Sistemas de calefacción e horarios de funcionamento previstos na EPS de Enxeñería:

- **Calefacción por ventilación/climatización:**
 - Aularios 1, 2, 3 e 4 (aulas 1 a 14 + Aula de Expresión Gráfica e Aula informática nº 7).
 - Enerxía consumida: electricidade.
 - Horario: luns a venres de 07:30 a 20:00. Con apagado entre as 13:00 e 15:30.
 - Estado das Instalacións:
 - Bastante obsoletas, con avarías frecuentes (aulas 13 e 14 pendentes de reparación).
 - Pavillón Central.
 - Aire impulsado. Enerxía consumida: gasóleo.
 - Horario: luns a venres de 07:30 a 20:00. Con apagado ás 14:00 cando non hai actividade pola tarde.
 - Estado das Instalacións:
 - bastante obsoletas, con avarías frecuentes en caldeira e condutos de aire.
- **Calefacción por "suelo radiante":**
 - Pavillóns I e II
 - Horario permanente 24 horas/ 7 días semana. Apagado cando coinciden varios festivos contiguos.
 - Enerxía consumida: gasóleo.

- Estado das Instalacións:
 - Avarías frecuentes en caldeiras. Necesidade de substituír condutos de distribución.
 - 2 caldeiras en cada edificio actualmente só funciona unha. (No pavillón I a que funciona xa veu usada de veterinaria).
- **Calefacción con radiadores de auga quente:**
 - Pavillón III (Ampliación)
 - Horario: luns a venres de 07:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:00.
 - Enerxía consumida: gasóleo.

EXISTENCIA DE RADIADORES SUPLEMENTARIOS

- O uso indiscriminado de calefactores individuais supón un gasto enerxético moi superior aos sistemas colectivos de calefacción, ao seren moito máis ineficientes e non estaren suxeitos a control, polo que se prescindirá do seu uso.
- Con data de 07/10/2022 contabilízanse os seguintes:

Localización	Nº de Aparellos	Potencia (KW)
Pavillón I	23	30
Pavillón II	31	43
Pavillón III	6	8
Pavillón Central	9	15
	69	96 KW